



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rúa do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) - CIF: P-1505700-C.-Telf., 981 88 52 50
Fax., 981 88 53 28 <http://www.concellodenegreira.org> - e-mail: concello@concellodenegreira.es

DECRETO

ASUNTO: Decreto cambio lugar de celebración plenos de 15.06.20

EXPEDIENTE: 2020/G003/000117

Don Manuel Ángel Leis Míguez, Alcalde-Presidente do Concello de Negreira, na provincia de A Coruña.

Tendo en conta que mediante o RD 463/2020, de 14 de marzo, declarouse o estado de alarma en todo o territorio nacional para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID- 19.

Visto que o estado alarma aludido no parágrafo anterior foi prorrogado mediante os Reais Decretos seguintes: RD 476/2020, de 27 de marzo; RD 487/2020, de 10 de abril ; RD 492/2020, de 24 de abril; RD 514/2020, de 8 de maio; RD 537/2020, de 22 de maio e a última prórroga, vixente na actualidade e ata as 00:00 horas do próximo día 21 de xuño de 2020, foi aprobada polo RD 555/2020, de 5 de xuño.

Considerando a necesidade imperativa de adoptar unha serie de medidas para frear a expansión da pandemia provocada polo COVID-19 entre as que se atopa o manter a distancia social entre as persoas, e tendo en conta que as autoridades sanitarias recomendan, entre outras medidas, unha distancia entre persoas de 2 metros.

Considerando que o Salón de Sesións da Casa do Concello, polas súas escasas dimensións, non permite manter a adecuada distancia de seguridade para garantir a protección da saúde dos membros da Corporación e demais asistentes.

Tendo en conta que, a día de hoxe, este Concello de Negreira non conta cos medios técnicos e dixitais que garantan con un certo grao de seguridade xurídica o desenvolvemento das sesións dos órganos colexiados de xeito telemático de tal xeito que se cumpra co establecido na nova redacción efectuada polo RDL 11/2020, de 31 de marzo (BOE nº 91 de 1 de abril de 2020) do artigo 46.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Considerando que é imprescindible e urxente continuar coa actividade municipal que non pode nin debe paralizarse.

Vista a necesidade da reanudación da celebración de Plenos da Corporación de xeito inmediato.

Considerando que o artigo 49 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local prevé o seguinte:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

Rúa do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) - CIF: P-1505700-C.-Telf., 981 88 52 50
Fax., 981 88 53 28 <http://www.concellodenegreira.org> - e-mail: concello@concellodenegreira.es

“ Las sesiones se celebrarán en la Casa Consistorial o en el Palacio que constituya la sede de la respectiva Corporación. En los casos de fuerza mayor, podrán celebrarse en edificio habilitado al efecto”

Considerando que o artigo 85 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das entidades locais, dí o seguinte :

“El Pleno celebrará sus sesiones en la Casa Consistorial, Palacio Provincial o sede de la Corporación de que se trate, salvo en los supuestos de fuerza mayor en los que, a través de la convocatoria o de una resolución del Alcalde o Presidente dictada previamente y notificada a todos los miembros de la Corporación, podrá habilitarse otro edificio o local a tal efecto...”

Visto todo o anterior e tendo en conta que o Concello de Negreira dispón do Auditorio da Casa da Cultura sito na Carreira de San Mauro nº 11 desta Vila de Negreira e que é de titularidade municipal, que polas súas dimensións físicas permitiría manter as mencionadas distancias de seguridade.

En cumprimento das facultades que me outorga o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e demais disposicións concordantes e de aplicación,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar o cambio do lugar de celebración das dúas sesións dos Plenos extraordinarios a celebrar con data de data 15 de xuño de 2020, un ás 19.00 horas e outro ás 20.00 horas, de tal xeito que as devanditas sesións se celebrarán no Auditorio da Casa da Cultura, que é de titularidade municipal, situada na Carreira de San Mauro, Nº 11, desta Vila de Negreira

Segundo.- Dar conta deste Decreto ao Pleno da Corporación na próxima sesión ordinaria que celebre.

Negreira, á data da sinatura electrónica

O alcalde

Manuel Ángel Leis Míguez